

PROCEDIMIENTO PARA A ADMISIÓN DO ALUMNADO. CEIP DE FRIONS. CURSO 2010/2011

A admisión do alumnado neste centro educativo para o curso 2010-2011 axustarase á lexislación e proceso que se indican:

NORMATIVA REGULADORA DE ADMISIÓN

Decreto 30/2007, do 15 de marzo (DOG 16/03/2007)

Orde do 17 de marzo de 2007 (DOG 19/03/2007) coa correspondente corrección de erros publicada no DOG do 4 de abril.

OFERTA DE POSTOS ESCOLARES DISPOÑIBLES

Niveis		Nº Vacantes.
E.I.	1º	25(*)
	2º	20
	3º	14
E.P.	1º	8(*)
	2º	0
	3º	6
	4º	7
	5º	5
	6º	10

(*) Prazas reservadas de tres postos por unidade para posible escolarización pola Comisión de Escolarización de alumnado con necesidades de apoio educativo.

ÁREA DE INFLUENCIA E IES DE ADSCRICIÓN DO CENTRO

A área de influencia do CEIP de Frions ao obxecto de aplicación que corresponda por proximidade do domicilio é o que figura exposto ao lado do presente escrito e no mapa adxunto. Aos efectos de continuación dos estudos de educación secundaria obrigatoria, o centro está adscrito ao Instituto de Educación Secundaria IES Leliadoura.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes de admisión, que se axustarán ao modelo recollido no DOG do 19 de marzo de 2007 (ANEXO II), pódense recoller en Conserxería , deberán ser presentadas na Secretaría do Colexio desde o día 1 de marzo ao 6 de abril, ambos os

dous inclusive, debendo ir acompañadas da copia do DNI ou da copia do libro de familia .

Tendo en conta o número de prazas ofertadas e para facilitar o proceso, aconsellamos presentar a documentación xustificativa dos criterios de baremación alegados no mes de marzo, aínda que o prazo legal e voluntario para a entrega dos mesmos sexa a data que aparece no seguinte apartado.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS CRITERIOS DE BAREMACIÓN ALEGADOS

Naqueles cursos nos que exista máis demanda que oferta de prazas escolares, os pais, nais ou os titores do alumnado presentarán no colexio no prazo do 1 de abril ao 20 de abril, ambos os dous inclusive, a documentación xustificativa dos méritos por eles alegados para a aplicación dos criterios de admisión do alumnado, xunto cunha copia do anexo II presentado anteriormente.

A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación ten carácter voluntario. A non presentación dalgún deles suporá a renuncia explícita a ser baremado no apartado correspondente.

PUBLICACIÓN DA LISTAXE DO ALUMNADO ADMITIDO

Antes do 30 de abril: publicación da relación provisional de admitidos e non admitidos. As listaxes terán un carácter provisional e poderán ser obxecto de reclamación ante o consello escolar no prazo de 5 días hábiles.

Dentro dos 10 días seguintes a publicación da resolución provisional, unha vez resoltas as posibles reclamacións, farase pública a resolución definitiva do alumnado admitido e non admitido.

PRAZO PARA A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

Os alumnos admitidos no centro educativo formalizará a súa matrícula na Secretaría do colexio do 20 ao 30 de xuño. Se finalizado o prazo de matrícula non se formalizase esta, decaerá o dereito á praza obtida.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O colexio ofrece os seguintes servizos:

COMEDOR ESCOLAR, organizado e xestionado pola ANPA. É necesario solicitar a súa continuidade cada ano.

Lexislación aplicable:

-Decreto 10/2007, do 15 de xaneiro, polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería Educación e Ordenación Universitaria (DOG 06/02/07)

-Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización , funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG 05/03/07)

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES, xestionadas pola ANPA

TRANSPORTE ESCOLAR, o CEIP de Frions conta con 3 liñas autorizadas de transporte.

Lexislación aplicable:

-Decreto 203/1986

-Orde do 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado:

Artigo 38-Servizos complementarios (TRANSPORTE)

“O alumnado que solicite e obteña praza nun centro distinto ao que lle corresponda, segundo a distribución das áreas de influencia establecida polos titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, non terán dereito a ningún dos servizos complementarios establecidos con carácter gratuito e sufragados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.”

¡OBSERVACIÓN IMPORTANTE!

Cada solicitante deberá presentar unha única solicitude, relacionando nela por orde de preferencia ata seis centros nos que se solicita praza. Esta instancia será entregada no centro que solicita en primeiro lugar. No caso de que o solicitante presente máis dunha solicitude, non se terá en conta ningunha delas, procedéndose á súa escolarización ao final do proceso. Do mesmo xeito se procederá coas solicitudes entregadas fóra de prazo.

Frions, 26 de febreiro de 2010.

A Dirección